

# NOTAS METODOLÓXICAS

## 1. Padrón Municipal de Habitantes

O Padrón Municipal de Habitantes é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun concello. Os seus datos constitúen proba da residencia no concello e do domicilio habitual no mesmo. As certificacións que dos ditos datos se poidan expedir teñen carácter de documento público e fidedigno para tódolos efectos administrativos.

A inscrición no Padrón Municipal contén como obrigatorios os seguintes datos: nome e apelidos, sexo, domicilio habitual, nacionalidade, lugar e data de nacemento, documento nacional de identidade ou documento que o substitúa, no caso de estranxeiros, certificado ou título escolar ou académico que se posúa e os datos que poidan ser necesarios para a elaboración do Censo Electoral. Tamén poden figurar, pero con carácter voluntario para os cidadáns, o parentesco e o número de teléfono.

Cada cinco anos víñase levando a cabo unha renovación padroal, que consistía na formación dun novo padrón, a través de follas padroais que se distribuían en tódalas vivendas de cada concello e eran cumprimentadas polos cidadáns. A finalidade destas renovacións é corrixir as desviacións que se puidesen ter producido nese período de tempo entre a información contida no Padrón e a realidade.

A Lei 4/1996 que establece unha nova redacción dos artigos relativos ó padrón municipal da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, normaliza a xestión continua e informatizada do mesmo, fai desaparecer as renovacións quinquenais e dispón unha coordinación entre os padróns de tódolos concellos. De acordo con esta normativa, os concellos realizaron no ano 1996 a última Renovación dos seus Padróns municipais.

## 2. A Estatística de Poboación de Galicia

A Estatística de Poboación é unha operación estatística exhaustiva realizada simultaneamente ó Padrón Municipal de Habitantes de 1996, a través dun cuestionario adicional, co obxecto de recabar información sobre as principais características demográficas e sociais da poboación de Galicia.

Os cuestionarios recollen para tódolos residentes a seguinte información: data de nacemento, relación coa actividade económica e lugar de residencia o 1 de marzo de 1991, data do último censo de poboación; e ademais para os ocupados, parados que xa traballaron e xubilados, a rama de actividade do establecemento onde traballan ou traballaron, a ocupación e a situación profesional.

Tendo en conta que se trataba dunha operación censual e que as súas características técnicas eran coincidentes coas da Renovación Padroal, propúxoselles ós concellos a sinatura dun Convenio de Cooperación no que se establecía que a recollida da folla padroal e do cuestionario da Estatística de Poboación fose simultánea e realizada polos axentes padroais de cada municipio. Con isto lográbbase unha maior eficacia na xestión dos recursos e evitábase unha dobre molestia ós cidadáns. Sen embargo, un total de nove concellos (Abegondo, Camariñas, Laxe, Muxía, Oleiros, Santiago de Compostela, Somozas, A Peroxa e Agolada) optaron por non asinar o citado convenio. Por esta razón, non se dispón da información sobre a relación coa actividade correspondente ós mesmos.

Para solventar esta dificultade, estableceuse un **procedemento de estimación das variables contidas na Estatística de Poboación**, para os concellos citados, que permite obter resultados desagregados por sexo e idade para Galicia e as catro provincias. Considérase que o procedemento utilizado, que está baseado na evolución das variables entre o Censo de Poboación de 1991 e a Estatística de Poboación de 1996, ofrece un alto grao de fiabilidade para o total de Galicia e as provincias de Ourense e Pontevedra (nestas, dispúñase de información para unha porcentaxe superior ó 99% da poboación), e algo menor na da Coruña ó ter que estimar o concello de Santiago de Compostela, que ten unhas características especiais en canto a actividade económica e que ademais a súa poboación representa máis dun 8% sobre o total provincial

### **3. Ámbito temporal**

Tanto para a inscrición no Padrón Municipal como na Estatística de poboación, a data de referencia foi o 1 de maio de 1996. Para a clasificación da poboación en relación coa actividade económica, os datos debían referirse á semana anterior a esta data de referencia, é dicir, a semana do 24 ó 30 de abril. A información sobre ocupación, rama de actividade e situación profesional refírese a esa mesma semana para os ocupados, e ó último traballo desempeñado para os xubilados e parados que xa traballaron.

### **4. Ámbito poboacional**

Ambas operacións son exhaustivas, polo tanto inclúen a tódalas persoas, xa sexan españolas ou estranxeiras, que residan no concello o 1 de maio de 1996, (aínda que nesa data se atopasen circunstancialmente ausentes). A diferenza das anteriores Renovacións Padroais, neste Padrón non se incluían os transeúntes, polo que, a poboación obxecto de estudo foi unicamente a Poboación de Dereito, é dicir, residentes presentes e residentes ausentes.

### **5. Ámbito territorial**

A Renovación do Padrón Municipal de Habitantes levouse a cabo en tódolos concellos da Comunidade Autónoma. A recollida de datos da Estatística de Poboación realizouse en tódolos concellos agás Abegondo, Camariñas, Laxe, Muxía, Santiago de Compostela e Somozas na provincia da Coruña, A Peroxa na de Ourense e Agolada en Pontevedra, ó non asinar estes concellos o convenio de colaboración proposto polo IGE para a realización desta Estatística.

## **DEFINICIÓN DAS VARIABLES RELATIVAS Á ACTIVIDADE ECONÓMICA**

### **1. Relación coa actividade económica**

Con esta característica preténdese coñecer a situación de cada persoa en relación co mercado de traballo, clasificando á poboación de 16 e máis anos nas seguintes categorías:

**Poboación economicamente activa:** Conxunto de persoas que, nun período de referencia especificado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á dita produción. A efectos desta Estatística, a poboación activa abrangue a tódalas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia (do 24 ó 30 de abril), satisfán as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas, de acordo coas seguintes definicións:

**Ocupados ou persoas con emprego:** Persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea (asalariados) ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

- Traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie
- Con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan poder reincorporarse á súa empresa.

**Parados ou desempregados:** Persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- “Sen traballo”, é dicir, que non tiveron un emprego por conta allea ou por conta propia.
- “En busca de traballo”, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta.
- “Dispoñibles para traballar” nun breve prazo de tempo.

Os parados subdivídense en parados que buscan primeiro emprego e parados que traballaron anteriormente.

**Poboación inactiva:** Abrangue a tódalas persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou como paradas na semana de referencia. Comprende as seguintes categorías:

- Xubilado (percibindo unha pensión de xubilación ou de invalidez, é dicir, persoas que tiveron unha actividade económica anterior e que pola idade ou por outras causas a abandonaron, e teñen como medio de vida a pensión obtida con motivo da súa actividade anterior
- Percibindo unha pensión distinta da de xubilación ou de invalidez: Comprende a tódalas persoas que na semana de referencia están percibindo unha pensión, pero esta non se deriva de ningunha actividade económica anterior (pensións de viuvez, orfandade e pensións asistenciais).
- Incapitados permanentemente para traballar: Comprende a tódalas persoas que teñen algún impedimento físico e/ou psíquico para traballar.
- Estudiante, escolar ou preescolar: Comprende a tódalas persoas que na semana de referencia reciben unha instrución sistemática en calquera grao de educación.
- Amo/a de casa non remunerado: Comprende a tódalas persoas que na semana de referencia non teñen traballo nin están facendo xestións para encontralo e se dedican a coidar sen remuneración dos seus propios fogares.
- Outra situación (menores non escolarizados, rendistas, etc.): Comprende a tódalas persoas que sen exercer ningunha actividade económica na semana de referencia, non poden ser clasificados en ningunha das categorías precedentes.

**Poboación contada á parte:** Os homes que cumpren o servizo militar ou a prestación social substitutoria son considerados poboación contada á parte; isto é, non son incluídos entre os activos nin entre os inactivos, independentemente de que na semana de referencia traballasen ou non.

## **2. Rama de actividade**

A clasificación da poboación por sectores ou ramas de actividade faise tendo en conta a actividade do establecemento onde traballan, se son ocupados, ou a do último no que traballaron se son parados ou xubilados. Compre salientar que a actividade se refire á do establecemento, non á da empresa, xa que unha mesma empresa pode ter varios establecementos con actividades diferentes.

Aínda que para facilitar a cumprimentación dos cuestionarios, optouse por precodificar esta pregunta, pedíaselles os informantes que describiran co maior detalle posible a rama de actividade do seu establecemento de traballo. A gravación destes literais permitiu

posteriormente a codificación a dous díxitos segundo a CNAE vixente. As clasificacións que figuran nesta publicación derivanse desta nova codificación: en concreto nas táboas 13, 15, 16, 20, 22 e 23 figura a rama de actividade a nivel de seccións da CNAE-93 e na táboa 10 a nivel de seccións e subseccións. Ó final deste texto ofrécese unha táboa cos títulos completos destas clasificacións.

### **3. Ocupación, profesión ou oficio**

A clasificación da poboación segundo a profesión refírese á clase de traballo efectuado durante a semana de referencia polos ocupados e ó último desempeñado no caso de parados que xa traballaron ou xubilados.

A pregunta de profesión, aínda que estaba precodificada, tamén incluía un literal no que o informante debía describir a súa ocupación. Estes literais foron codificados a dous díxitos segundo a CNO vixente. As clasificacións de profesión que se ofrecen nesta publicación derivanse de agrupacións desta nova codificación: na táboa 13, 14, 15, 21, e 24 figura a profesión a nivel de grandes grupos da CNO-94 e na táboa 11 a nivel de grandes grupos e grupos principais. Na última páxina ofrécese unha táboa cos títulos completos destas clasificacións.

### **4. Situación profesional**

Con esta pregunta, clasifícase á poboación segundo a súa relación cos medios de produción. Para os ocupados refírese á situación profesional na súa ocupación durante a semana de referencia. Para as persoas desempregadas que xa traballaron e para os xubilados refírese a situación no último emprego.

As posibles categorías de situación profesional son:

1. Empresario, profesional ou traballador por conta propia que emprega persoal
2. Empresario, profesional ou traballador por conta propia que non emprega persoal
3. Membro de cooperativa de traballo asociado que traballa nela.
4. Axuda familiar: persoa que traballa sen remuneración regulamentaria na empresa ou negocio dun familiar co que convive.
5. Persoa que traballa con carácter fixo, a soldo, comisión, xornal ou outra clase de remuneración.
6. Persoa que traballa con carácter eventual, a soldo, comisión, xornal ou outra clase de remuneración.
7. Outra situación

**TÍTULOS COMPLETOS DAS CLASIFICACIÓNS DE RAMA DE ACTIVIDADE QUE FIGURAN NAS TÁBOAS 10 (seccións e subseccións), 13, 15, 16, 20, 22 E 23 (seccións)**

<b>Sección</b>	<b>Subsección</b>	<b>Texto da CNAE-93</b>
<b>A</b>		<b>Agricultura, gandería, caza e silvicultura</b>
<b>B</b>		<b>Pesca</b>
<b>C</b>		<b>Industrias extractivas</b>
	CA	Extracción de produtos enerxéticos
	CB	Extracción doutros minerais agás produtos enerxéticos
<b>D</b>		<b>Industria manufactureira</b>
	DA	Industria da alimentación, bebidas e tabaco
	DB	Industria téxtil e da confección
	DC	Industria do coiro e do calzado
	DD	Industria da madeira e da cortiza
	DE	Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados
	DF	Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares
	DG	Industria química
	DH	Industria da transformación do caucho e materias plásticas
	DI	Industria doutros produtos minerais non metálicos
	DJ	Metalurxia e fabricación de produtos metálicos
	DK	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico
	DL	Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico
	DM	Fabricación de material de transporte
	DN	Industrias manufactureiras diversas
<b>E</b>		<b>Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga</b>
<b>F</b>		<b>Construcción</b>
<b>G</b>		<b>Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico</b>
<b>H</b>		<b>Hostelería</b>
<b>I</b>		<b>Transporte, almacenamento e comunicacións</b>
<b>J</b>		<b>Intermediación financeira</b>
<b>K</b>		<b>Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servicios empresariais</b>
<b>L</b>		<b>Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria</b>
<b>M</b>		<b>Educación</b>
<b>N</b>		<b>Actividades sanitarias e veterinarias, servicios sociais</b>
<b>O</b>		<b>Outras actividades sociais e de servicios prestados á comunidade; servicios persoais</b>
<b>P</b>		<b>Fogares que empregan persoal doméstico</b>
<b>Q</b>		<b>Organismos extraterritoriais</b>

**TÍTULOS COMPLETOS DAS CLASIFICACIÓNS DE PROFESIÓN QUE FIGURAN NAS TÁBOAS 11 (grandes grupos e grupos principais), 13, 14, 15, 21 E 24 (grandes grupos)**

<b>Gran grupo</b>	<b>Grupo principal</b>	<b>Texto da CNO-94</b>
<b>1</b>		<b>Dirección das empresas e das administracións públicas</b>
	A	Dirección das administracións públicas e das empresas de 10 ou máis asalariados
	B	Xerencia das empresas de menos de 10 asalariados
	C	Xerencia de empresas sen asalariados
<b>2</b>		<b>Técnicos e profesionais científicos e intelectuais</b>
	D	Profesións asociadas a titulacións de segundo e terceiro ciclo universitario e afíns
	E	Profesións asociadas a titulacións de primeiro ciclo universitario e afíns
<b>3</b>		<b>Técnicos e profesionais de apoio</b>
	F	Técnicos e profesionais de apoio
<b>4</b>		<b>Empregados de tipo administrativo</b>
	G	Empregados de tipo administrativo
<b>5</b>		<b>Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios</b>
	H	Traballadores dos servizos de restauración e de servizos persoais
	J	Traballadores dos servizos de protección e seguridade
	K	Dependentes de comercio e asimilados
<b>6</b>		<b>Traballadores cualificados na agricultura e na pesca</b>
	L	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
<b>7</b>		<b>Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria</b>
	M	Traballadores cualificados da construción agás os operadores de maquinaria
	N	Traballadores cualificados das industrias extractivas, da metalurxia, da construción de maquinaria e asimilados
	P	Traballadores cualificados das industrias de artes gráficas, téxtiles e da confección, de elaboración de alimentos, ebanistas, artesáns e outros asimilados
<b>8</b>		<b>Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>
	Q	Operadores de instalacións industriais, de maquinaria fixa; montadores e ensambladores
	R	Condutores e operadores de maquinaria móbil
<b>9</b>		<b>Traballadores non cualificados</b>
	S	Traballadores non cualificados en servizos (agás transportes)
	T	Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes
<b>0</b>		<b>Forzas Armadas</b>
	U	Forzas Armadas

**Galicia**



